

**FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE.
SENDA NA PO- 303. TREITO: TARRÍO E ARÉN.**

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é definir e valorar os traballos necesarios para a execución dunha senda peonil e ciclista na estrada PO-303, entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 0+545–1+760, permitindo conectar o núcleo de Tarrío con Arén e comunicando os principais focos de atracción (praia de Covelo, ruta dos Muíños, igrexa de Santa María, Llvadoiro de Arén...). Todo elo co fin de fomentar a mobilidade urbana multimodal en detrimento do vehículo motorizado.

2. Plan de Estradas

A estrada convencional PO-303 *Samieira (PO-308) - Castrelo (PO-550)* pertence a rede local da Rede Autonómica de estradas de Galicia.

3. Descrición da Actuación

- Pavimentación da senda, previa realización do correspondente movemento de terras.
- Rectificación do trazado entre os PP.QQ. 0+600 e 0+820.
- Disposición dunha zona de estacionamento e parada de autobús no tramo de vía anulado, fronte á igrexa de Samieira.
- Disposición de paradas de autobús nos PP.QQ. 0+680 e 1+100.
- Reforma dunha parada de autobús existente e da zona de estacionamento, entre o P.Q. 1+610 e o 1+660.
- Xeración dunha franxa axardinada de separación entre a calzada e a senda proxectada naquelas zonas nas que sexa posible.
- Execución da rede de drenaxe de augas pluviais, novos tramos de redes de servizos e alumeadado público.
- Construción de muros de contención.
- Disposición de elementos de sinalización vertical e defensas, e repintado das marcas viarias afectadas polas obras.

4. Características técnicas

Lonxitude da senda: 1.215 m.

Seccións tipo senda:

- Zona estacionamento: 1,8 m de senda + 0,22 m bordo + 0,76 m/variable franxa axardinada + 5,5 m estacionamento + 0,5 m beiravía.

- Zona miradoiro: miradoiro + 1,8 m de senda + 0,22 m bordo + 0,76 m franxa axardinada + 0,5 m beiravía.

- Zona con senda en ambas as dúas marxes: variable (>1,8 m) de senda + 0,22 m bordo + 0,5 m beiravía.

- Zona parada de autobús: variable (>1,8 m) de senda + 0,22 m bordo.

Firmes e pavimentos:

- Senda: 20 cm solo seleccionado + 16 cm de formigón coloreado HF-3,5 cor terrizo (procedente de central). No caso das entradas a accesos e propiedades privadas realizarase unha sección de 20 cm de formigón gris con malla.

- Cruces de calzada e zonas de ampliación de beiravía: 20 cm formigón en masa HM-20 + 5 cm capa de rodadura con mestura bituminosa en quente (MBQ) AC-16-surf- BC 50/70 S.

- Antigo trazado da PO-303, P.Q. 0+620–0+680: demolición e saneo do firme existente + estendido de 40 cm de terra vexetal e a sementeira de mestura de céspede con plantas de floración estacional; e zona de estacionamento con 20 cm de solo seleccionado + 10 cm de pavimento continuo herba-formigón "céspede armado" Paviprint ou equivalente (molde HH-1), con malla 20×20×8.

- Calzada: 75 cm chaira material seleccionado + 30 cm subbase de saburra artificial + 5 cm capa intermedia MBQ AC 22 bin BC 50/70 S + 5 cm capa rodadura MBQ AC 16 surf BC 50/70 S.

Ademais, co fin de uniformizar o acabado existente do trazado, proxéctase o estendido dunha capa de rodadura de 5 cm de MBQ AC 16 surf BC 50/70 S entre os PP.QQ. 0+550 e 1+000, e dunha capa de rodadura de 3 cm de MBQ BBTM 11 A entre o P.Q. 1+000 e o 1+760. Entre o P.Q. 0+820 e o 1+000 proxéctase a demolición da beiravía existente e o vertido de 20 cm de formigón a modo de caz ao pé do bordo.

Drenaxe: instalación de colectores, sumidoiros, canaletas con reixa, gabias de seguridade revestida no bordo da calzada, caz, gabia drenante, arquetas e pozos de rexistro.

Estruturas: executaranse 3 categorías de muros con diferentes seccións tipo, en función das súas alturas, comprendidas entre 1,5 m e 2,5 m. Cada un dos tipos está formado por fiadas de bloques de aproximadamente 0,5 m de altura. No trasdós do muro establécese un "escalonado", retranqueando os bloques á medida que se ascende aproximadamente 0,2 m. A base terá un ancho variable en función da altura, cunha relación aproximada altura/ancho de 2. A cimentación será directa, formada por unha zapata de formigón ciclópeo HM-20/P/40/X0 con canto comprendido entre 0,9 e 0,4 m.

Obras complementarias:

- Instalación de alumeadado público e preinstalación de canalización de telecomunicacións.

- Instalación de marquesiñas de autobús, bancos, papeleiras e varandas de protección.

- Sinalización, balizamento e defensas.

5. Poboación Servida (INE 2025)

Poio 17.434 hab.

TOTAL: 17.434 hab.

6. Concellos Afectados

Concello de Poio.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 73, no concello de Poio.

Solo 233.542,50 €

Bens afectados 112.791,87 €

Premio de afección 5% 17.659,44 €

Ocupacións temporais 6.854,40 €

Total Expropiacións: 370.848,21 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE) 1.278.896,92 €

Orzamento de Expropiacións 370.848,21 €

Orzamento de Reposición de Servizos Afectados 16.392,03 €

Orzamento de Seguimento Arqueolóxico 2.000,00 €


Orzamento para Coñecemento da Administración 1.668.137,16 €

PLANO DE SITUACIÓN




SECCIONES TIPO


SECCIÓN ZONA APARCAMIENTO (S1)
Escala 1:75



SECCIÓN MIRADOR (S2)
Escala 1:75



SECCIÓN CON SENDA AMBAS MARGENES (S3)
Escala 1:75



SECCIÓN SENDA UNA MARGEN CON PARADA DE AUTOBUS PK. 1+630 (S4)
Escala 1:75

